



## INFORMACIÓNS ÚTILES:

- A colexiación é obrigatoria para o exercicio da profesión.
- O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) creou un registro de psicólogas e psicólogos especialistas en Psicoloxía Clínica para dar cumprimento ao estipulado no Real Decreto que crea e regula a Especialidade de Psicoloxía Clínica (Real Decreto 2490/1998 do 20 de novembro) e da Lei de Ordenación das Profesións Sanitarias (Lei 44/2003 de 21 de novembro). Todas aquelas persoas colexiadas que teñan acadado esta titulación do Ministerio e aínda non a presentaron no COPG, terán que achegar unha copia compulsada, ou orixinal e copia, do título de especialista para incorporala ao seu expediente colexial e quedar debidamente anotado no citado registro de especialistas.
- Se vas traballar no ámbito sanitario, no sector privado, necesitarás estar en posesión do Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria, ou do Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, ou ter o certificado de actividade desenvolvida por psicólogos/as en centros sanitarios autorizados con anterioridade ao 06/10/2014 que expide a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Se vas exercer nun centro de recoñecemento, infórmanos porque necesitarás rexistrar a túa sinatura neste Colexio Oficial para presentar na Dirección General de Tráfico (DGT). Necesitarás estar en posesión do Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria, ou do Título de Psicólogo/a Especialista en Psicoloxía Clínica, ou ter o certificado de actividade desenvolvida por psicólogos/as en centros sanitarios autorizados con anterioridade ao 06/10/2014 que expide a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia.
- Se traballas por conta propia necesitas contratar unha póliza de seguro de responsabilidade civil. O COPG a través da Correduría de Seguros Broker's 88 negociou coa aseguradora MARKEL un novo seguro colectivo de Responsabilidade Civil Profesional para as psicólogas e psicólogos colexiados que se pode subscribir. Trátase dun seguro cun baixo custo para os colexiados e colexiadas de tan só 12 € anuais.
- Se traballas por conta propia necesitarás a adaptación á Lei Orgánica de Protección de Datos. O COPG ofrece aos seus colexiados e colexiadas o servizo de adaptación á Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal 15/1999, de 13 de decembro e o Real Decreto 1720/2007, de Medidas de Seguridade, e o seu posterior mantemento e asesoramento (PROTEXDAT).
- Se tes unha sociedade profesional necesitarás rexistrala neste Colexio Oficial.

Para máis información contactar coa administración do COPG.